

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: Os animais amigos [ATU-130: The Animals in Night Quarters]

Unha vez tamén era un can que o querían matar pro outro día. E púxose a comer unha ovella. Ie chegou por alí un burro e díxolle:

-¿E tu que tas facendo, ho?

E dixo:

-Toume enchendo ben, que mañá quérenme matar; así, polo menos, vou ben farto.

E dixo:

-Vente connigo, que tamén a min me pasa eso, e vámonos.

Máis adiante atoparon con un gato. O gato taba no chao dun queixo, e díxolle:

-¿Que tas facendo, ho?

E dixo:

-Quérenme matar mañá e toume enchendo ben.

-Vente con nós.

Máis adiante había un galo nunha aira, taba comendo ben graos e díxolle:

-E logo, ¿que tas facendo?

Pois o mesmo que os outros:

-Tamén me queren matar.

E, claro, marcharon. E anduveron, claro, iban huindo do enenmigo. Anduveron quen sabe o que.

E foilles noite; e dixéronlle ó gato:

-Súbete aí a un carballo, a ver se ves algunha luz por algún sitio.

E subiu ó carballo e dixo:

-Vexo unha luciña pero ta mui lejos, mui lejos.

E bueno:

-¿E con que dirección?

-Pois, pra alí.

E colleron todos pra alí. E chegaron alí e miraron pola fumeira, así, por arriba.

E había unha cociña de arrastro; eran os ladrois que taban comendo. Tiñan unha mesada de comida e moitos cuartos. E dixeron:

-¡E como hamos facer! ¡Bueno, pois, o burro a ornear, o galo a cantar, o can a ladrar i o gato a miar!

E empezaron con aquela faena. E os ladrois:

-¡Ai, que eí viene la tropa! ¡Ai, que eí viene la tropa!

E marcharon. Pero desde que chegaron aló lejos, dixeron:

-E, ¿que sería aquilo, ho? ¿Que sería aquilo?

Mandáronlle a un volver a mirar. I eles, desde que cenaran e se puñeran ben fartos, dixeron:

-Bueno, pois ahora o burro á cuadra, o can á porta, o gato ó son do lume i o galo ó poleiro.

E mandáronlle a aquel volver mirar. E foi, e pasou pola cuadra i o burro meteulle dúas patadas; despois pasou pla porta i o can mordeu nunha cacha, e dispois iba mirar a ver se había lume. Esgarellaba nos ollos do gato, como aluman de noite, i o gato tirouselle á cara; desfizolla toda. I o galo cantaba.

Cuando (o ladrón) chegou xunta os outros, preguntáronlle:

-¿Que había alí, home? ¿Que había alí?

-¡E que iba haber, hombre! ¡Que iba haber! ¡Pasei pola cuadra del burro, me metieron dos lapotazos; pasé por la puerta, me quitaron una cacha; iba mirar a ver se había lumbre, me deshicieron la cara! ¡I aún decía el outro (o galo facía cacaracá); aún decía el otro: ¡Tráimelo pacá, traimelo pacá! ¡Aquel, se me pillara, me mataba!

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Transcrición da versión oral de MANUEL LÓPEZ DÍAZ, Candelos, Arroxos, A Fonsagrada (Lugo). 10 de decembro de 1999.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., «Unha polavila en Candelos. Literatura popular do concello da Fonsagrada», en Boletín do Museo Provincial de Lugo, X, pp. 137-176.